

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE DE SOCORROS MUTUOS E BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SANTOS PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN SANTOS, BRASIL

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2024

REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto pola subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais, María Lorena Antelo Romero, en virtude do artigo 29 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos, Brasil**, representada neste acto polo seu presidente Casto Vieitez Fernández, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,


EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da presidencia da Xunta de Galicia.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de actuacións que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

Cuarto.- Na cidade de Santos, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega, que carecen de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.



Segundo o censo electoral de persoas residentes no estranxeiro, en Brasil residen máis de 44.000 emigrantes de orixe galega. Estes datos confirman a Brasil como o segundo país no continente americano onde máis galegos e galegas residen na actualidade, tras Arxentina.

Quinto.- A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos (Brasil) é unha entidade sen ánimo de lucro á que están asociadas actualmente máis de cen persoas emigrantes de orixe galega, o que a converte na principal entidade galega en Santos, inscrita no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración na categoría de centro colaborador da galeguidade. Na actualidade esta entidade está a desenvolver un importante labor orientado de xeito altruísta a mellorar a asistencia social e a ampliar a asistencia médica en xeral de persoas maiores de orixe galega en situación de precariedade.

Nas súas instalacións, a entidade xestiona un ambulatorio médico, servizos de odontoloxía, oftalmoloxía, psicoloxía e, entre outro persoal especializado, dispón dunha traballadora social, ademais de desenvolver actividades sociais, de espaxemento, culturais e recreativas e proporcionar asistencia mutual e de saúde.

Sexto.- A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración coa Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos co obxecto de contribuír á prestación de asistencia ás persoas de orixe galega residentes en Brasil que por estar nunha situación de necesidade ou de dependencia non poidan afrontar o custo destas prestacións, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar este servizo.

Sétimo.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, única destas características en Santos, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública; por ser a única entidade galega en Santos que presta este tipo de servizos á comunidade galega.


O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación fundaméntase en razóns de carácter social e humanitario e radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes de orixe galega residentes en Santos (Brasil) que por razón de idade e/ou circunstancias socio familiares non acceden doutra forma ás prestacións obxecto deste convenio.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio de colaboración, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos, Brasil, para a atención das necesidades socio asistenciais e sanitarias básicas da cidadanía de orixe galega residente en Santos (Brasil) que por razóns de idade ou estado físico careza de autonomía persoal e/ou que se atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo das prestacións que precisa.



Segunda.- Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deste programa serán as persoas maiores de orixe galega ou descendentes destas ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes en Santos (Brasil), con problemas de autonomía persoal e/ou en situación de necesidade.

Terceira.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar-unha contía de **quinze mil euros (15.000€)** con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Cuarta.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Quinta.- Pagamento

Tras a sinatura do convenio efectuarase un pagamento anticipado de **doce mil euros (12.000 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante librarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

Sexta.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2024.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada e conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada polo representante legal da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo representante da entidade, na que se farán constar os obxectivos



acadados, o orzamento total da actividade subvencionada e o número de persoas atendidas.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación da empresa/entidade emisora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia de forma ☐ total ☐ parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): €.

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas ou, no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable do representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e ademais deberá conter un selo que deixe constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo" ...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo polo representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- Se é o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

- Relación das persoas atendidas con cargo a este convenio. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe das persoas beneficiarias, así como o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:



- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Sétima.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se debe minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.


Oitava.- Obrigas das partes

1.-A Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro comprométese a:

- Manter as instalacións e o equipamento do centro asistencial, e dotalo de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento.

- Prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte desta das obrigas previstas no título I da dita lei.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Novena.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.
2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da



Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

Décimo segunda.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución do convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto do convenio.

Décimo terceira.-Publicidade

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Secretaría Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.



En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2024, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Décimo sexta.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O/A secretario/a xeral da Emigración
P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)
A subdirectora xeral de Coordinación
Administrativa,
Económica e de Programas Sociais

O presidente da Asociación de Socorros
Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro


M^{ra} Lorena Antelo Romero




Casto Vieitez Fernández